



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO PROGRAMA 'NATURACCIÓN'.

Ao abeiro do establecido no punto cuarto, f) da resolución da Consellería de Economía e Facenda do 08 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, expoño os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos que se pretenden co convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre para o desenvolvemento conxunto do programa 'Naturacción'.

Antecedentes

No ano 2018 a Fundación Alcoa fíxolle unha achega á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o desenvolvemento do programa 'Naturacción', dirixido a todos os estudantes de educación infantil, educación primaria, educación secundaria, educación especial e formación profesional da provincia de Lugo, en particular a área de influencia da Mariña lucense, para promover o desenvolvemento de proxectos de innovación ambiental interdisciplinarios en todas as escolas e centros participantes.

Esta iniciativa desenvolverase de forma conxunta pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre como un programa paralelo e complementario de Voz Natura.

Razóns de oportunidade

A partir da década dos setenta, o medio ambiente converteuse no obxecto dun debate político e científico intenso a raíz do recoñecemento da gravidade dos riscos ecolóxicos que ameazan o planeta: degradación do contorno natural, contaminación de todo tipo que se manifesta ás veces de forma especialmente virulenta (Chernóbil, mareas negras), quentamento do planeta, cambio climático, etc.

Tamén é obxecto de preocupación para individuos e empresas. As sociedades contemporáneas son cada vez máis conscientes da importancia do medio ambiente e da dualidade do nexo que liga o ser humano coa natureza: dependencia e responsabilidade. O individuo vese confrontado dun lado o esgotamento dos recursos naturais que facilitan e aseguran a súa supervivencia e, doutro, aos efectos colaterais que acompañan o crecemento económico.

Neste sentido, considérase fundamental que o alumnado dos centros de formación dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, neste





caso da provincia de Lugo, en particular a área de influencia da Mariña lucense, participen de forma activa na conservación dos ríos e da beiramar da súa terra.

Con esta actividade ambiental preténdese contribuír a que os rapaces desta zona tomen conciencia do que significa a protección do medio natural e da importancia que ten para o futuro de Galicia.

Obxectivos

O programa ten como finalidade a execución de proxectos ambientais para protexer e recuperar as marxes dos ríos e a beiramar na provincia de Lugo, en particular a área de influencia da Mariña lucense, costa norte de Galicia.

Ademais da recuperación do medio natural, o obxectivo é chamar a atención sobre a necesidade de protexer a natureza, promovendo accións exemplares e a difusión deste obxectivo ao resto da sociedade.

O director xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

